Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO DE OPERARIA/O DE LIMPEZA VIARIA, CREADA A RAIZ DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL 09/2024-SPF-EST, 2024/E001/000008.

Faise público que por Decreto do señor Alcalde número 1184/2026, do 2 de novembro, acordouse:

« Primeiro. Aprobar a bolsa de emprego para a provisión temporal de postos de traballo de operaria/o de limpeza viaria coa inclusión das seguintes persoas pola orde que se indica en función da puntuación obtida no procedemento de selección número 09/2024-SPF-EST, 2024/E001/000008, segundo a proposta do Tribunal Cualificador do 23 e xaneiro do 2025 publicada o 27 de marzo do 2025 no Taboleiro electrónico municipal:

Posto	APELIDOS E NOME	PUNTUACION			
		A. EXPERIENCIA PROFESIONAL	B. CURSOS DE FORMACION	PROBA GALEGO	TOTAL
1	CALLÓN TORRES, FRANCISCO	81.14	10.00	non procede	**91.14**
2	FORJAN GENS, MANUEL	62.38	10.00	apto	**72.38**
3	PORTO VERDURA, RAQUEL	38.15	10.00	non procede	**48.15**
4	SEBARES LOZANO, JOSÉ LUIS	38.15	0.00	apto	**38.15**

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro electrónico do Concello, no de Anuncios da Casa do Concello de Padrón e na páxina web do mesmo.

Terceiro. Dar traslado da mesma aos servizos de Intervención-Tesourería e ao Comité de Empresa do Concello de Padrón e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Cuarto. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes contado desde o día de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.»

O Alcalde,

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca

CVD: Ma8cD2X++8EUOF1fSf/m Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.padron.gal/